



# COGAMI

## COGAMI

nº 42 / marzo 2019  
Edición trimestral



Máis de 1.600 persoas  
beneficiarias dos programas  
financiados co 0,7% do IRPF



Anxo Queiruga charla coa Conselleira de Política Social



Asistentes a unha das formacións realizadas

## Xuntanza coa Conselleira de Política Social para tratar liñas de colaboración

O presidente de COGAMI, Anxo Queiruga, reuniuse coa conselleira de Política Social, Fabiola García, co fin de repasar liñas de colaboración abertas entre os dous organismos e estudar novas propostas para este ano. A Conselleira garantiu que a Xunta seguirá traballando conxuntamente con COGAMI, e coordinada coas entidades sociais, na mellora da calidade de vida das persoas con discapacidade. A Consellería de Política Social financia programas que desenvolve

COGAMI en inclusión, formación para o emprego, ademais de proxectos e prazas de atención ás persoas con discapacidade. Proximamente iniciárase un proxecto innovador para a promoción da autonomía persoal no Cegadi, en Compostela, centrado na investigación de novas metodoloxías, terapias e intervencións para a mellora da autonomía das persoas en situación de dependencia dende a idade temperá, co fin de impulsar boas prácticas.

## Escolares e profesorado formados e sensibilizados na discapacidade a través de COGAMI e COCEMFE

Un proxecto denominado *Promoción da Educación Inclusiva e de Soporte á Atención ao Alumnado con Necesidades Específicas por Motivos da súa Discapacidade* proporcionou, en 60 centros educativos de A Coruña, Lugo e Vigo, formación sobre a discapacidade e tecnoloxías. Realizado por COGAMI, e financiado por COCEMFE (Confederación Española de Personas con Discapacidad Física y Orgánica) a través dos fondos que lle chegan do 0,7% do IRPF, este proxecto formou sobre discapacidade a 112 docentes e levou a cabo actividades de sensibilización nas que participaron 1.846 alumnas e alumnos, ademais de 208 docentes.

A través deste proxecto estableceuse unha rede de titorías tecnolóxicas de apoio ao profesorado para a atención do alumnado con necesidades específicas por motivo da discapacidade, con apoio das tecnoloxías da información e da comunicación (TIC). O fin foi promover melloras na aprendizaxe e previr o fracaso ou abandono escolar nos ciclos formativos, tanto obrigatorios como os de non obrigatoriedade, grazas á introdución de metodoloxías e tecnoloxías inclusivas nos centros educativos que favorezan a autonomía persoal do alumnado. Esta rede de titorías encargouse tamén de motivar, sensibilizar, acompañar, informar e formar no manexo das tecnoloxías ao profesorado que tiña nas súas aulas estudantes que requiren este tipo de soporte. Ademais, formouse ao profesorado para mellorar o coñecemento sobre as tecnoloxías e dispositivos de apoio necesarios para casos concretos e aportáronse solucións de accesibilidade para dispositivos a través do software.



O voluntario, Ramón Rodríguez, participa na xornada de sensibilización Ponte no meu lugar

## A bolsa de voluntariado de COGAMI conta con máis de mil persoas inscritas

Durante o ano pasado foron 106 as persoas que contactaron con COGAMI para formar parte da bolsa de voluntariado, iniciada a finais de 2001 e, dende entón, conta con 1.020 persoas voluntarias inscritas. Para ser unha persoa voluntaria en COGAMI é necesario ser maior de 16 anos, ser solidaria, altruísta, ter motivación e estar comprometida cos valores dunha vida en igualdade. Estes valores saíran a relucir durante a entrevista persoal na que, dende a área de voluntariado, se analizarán as expectativas e intereses por colaborar

coa nosa Organización. As actividades de lecer que organiza COGAMI son as que máis demandan o servizo de voluntariado, pero tamén é preciso en actividades como o acompañamento domiciliario, a realización de tarefas con necesidade de apoio educativo e a realización de charlas de sensibilización sobre a prevención de lesións medulares. Co voluntariado tanto se beneficia a persoa usuaria como tamén a voluntaria, ao adquirir un compromiso e a garantía de contribuír na inclusión social das persoas con discapacidade.



No centro, Diego e Luisa, acompañados do resto de asistentes das charlas



Persoas integrantes da primeira quenda da vivenda

## COGAMI informa en México sobre os beneficios da accesibilidade universal

Luisa Miranda e Diego Piñeiro, técnica e técnico de accesibilidade de COGAMI, viaxaron ata México para participar como relatores nun postgrao de Diplomatura en Accesibilidade Desapercibida e Estratexias Tecnolóxicas da Universidade. Durante trece días, impartiron charlas, sendo a primeira na Universidade Tecnolóxica de Cancún ante estudantes e familiares de persoas con discapacidade, resultando de grande interese a inclusión que viven en España as persoas con discapacidade. A seguinte charla foi organizada pola universidade de ITESO (Instituto

Tecnolóxico de Estudios superiores de Occidente) en Guadalajara, á que asistiron estudantes de carreiras técnicas e profesionais do desenvolvemento urbano e da edificación. En Puerto Vallarta, no Colexio Oficial de Arquitectos, impartiron unha xomada recoñecida como formación continua obrigada para arquitectos e realizaron un percorrido sobre o casco antigo, onde analizaron as necesidades de accesibilidade durante a ruta realizada.



Xavi Priegue traballa como educador social en Adisbismur cun contrato de Cooperación

## Noventa e seis persoas traballan en COGAMI e entidades con programas de Cooperación

Un total de 96 persoas entraron a traballar en COGAMI e asociacións membro a través de programas de Cooperación que desenvolve a Consellería de Economía, Emprego e Industria. Destas persoas contratadas, 33 foron a través de Garantía Xuvenil para mellorar a empregabilidade en menores de 30 anos con formación, pero sen experiencia laboral. Outras 55 persoas foron contratadas a través do programa orientado a persoas desempregadas e vítimas de violencia de xénero, mentres que 8

persoas foron contratadas como Axentes de Emprego. Todos estes programas de Cooperación están orientados a entidades sen ánimo de lucro, para que poidan contratar profesionais para desenvolver actividades en beneficio das persoas con discapacidade. Os perfís varían segundo as necesidades das entidades, dende persoal de fisioterapia, educación social, logopedia ata persoas coidadoras, monitoras, condutoras, de mantemento, etc.

## A vivenda tutelada de Mos abre con cinco persoas que convivirán durante máis de dous meses

Ramón, Antonio, Vanesa, Nara e Araceli foron as cinco primeiras persoas encargadas de estreir a vivenda tutelada que COGAMI ten en Mos. Durante dous meses e medio compartirán vivenda, irán á compra, cocinarán, compartirán tarefas de limpeza, en fin, convivirán como se dunha familia se tratara.

Esta vivenda tutelada forma parte do proxecto Independízate que pretende mellorar a calidade de vida e a autonomía das persoas con discapacidade física. O obxectivo é adestrar a 15 persoas en habilidades para a vida autónoma, tendo a disposición persoal de apoio que lles acompañará no seu proceso de aprendizaxe e adestramento. Na inauguración deste proxecto, asistiu o presidente de COGAMI, Anxo Queiruga, que estivo acompañado pola alcaldesa de Mos, Nadia Arévalo, a conselleira de Benestar, Sara Cebreiro, o director da oficina "la Caixa" de Mos, Ricardo Otero, entidade financeira que apoia este programa, e tamén Alejandro Figueroa, membro das Xuventudes Socialistas, organismo que tamén apoiou este proxecto coa doazón da venda de entradas da organización do V Festival Solidario que tivo lugar en Mos. "Trátase de poñer en valor as capacidades das persoas, que os espazos que temos non sexan centros permanentes, que a xente faga cada día a súa vida nun espazo", apuntaba Anxo Queiruga durante a inauguración. Este proxecto vai dirixido tanto a persoas que contan con axuda dunha terceira persoa como tamén para as que non a teñen.

# COGAMI e Fundación Vodafone unidas polo emprego

O programa de inserción **'INCLÚE+CAPACIDADE'** logra que 101 persoas con discapacidade atopen emprego.

Este proxecto, que apoia a Fundación Vodafone España, ten por finalidade potenciar o uso das TIC na inserción sociolaboral daquelas persoas que están buscando emprego.

**'INCLÚE+CAPACIDADE'** finalizou cuns resultados que superaron as expectativas marcadas polo Servizo de Orientación e Intermediación Laboral de COGAMI (SIL), con respecto ao número de insercións. Dende o SIL tiñan como obxectivo alcanzar un 51% de ocupación laboral das 150 persoas participantes no programa. Finalmente, inseríronse o 67% de participantes, sendo 20 inseridas en A Coruña e Vigo, 13 en Ferrol, 10 en Lugo e Ourense, 11 en Pontevedra e 17 persoas atoparon traballo en Santiago.

#### **Quen formou parte do programa?**

Todas as persoas seleccionadas cumpriron con estes requisitos: ter certificado de discapacidade ou incapacidade laboral recoñecida, carecer dun contrato laboral durante os seis meses anteriores á execución do programa, vivir no rural, ter formación básica e ser muller.

#### **En que consistiu **'INCLÚE+CAPACIDADE'****

Tras unha primeira valoración e avaliación das competencias de cada participante, realizáronse entrevistas personalizadas que permitiron trazar itinerarios axustados aos intereses de cara á inserción laboral.

Ademais de asesoramento, ofreceu información, formación e capacitación nas TIC, en soportes, equipamentos, tecnoloxías e software adaptados, facilitando a súa comprensión para acceder ao mercado laboral.

Tras analizar as necesidades máis demandadas, impartíronse 16 cursos e obradoiros de busca activa de emprego, de competencias e habilidades.

O SIL tamén xestionou prácticas non laborais en empresas a 36 persoas que tiveron a oportunidade de coñecer a realidade nun centro de traballo e asesorou na gravación dun curriculum 2.0 ou audiovisual.

A visita a empresas foi parte importante do programa, para realizar labores de sensibilización cara á discapacidade, informar sobre bonificacións e incentivos que hai na contratación dunha persoa con discapacidade e para xestionar ofertas de emprego. Visitáronse 269 empresas novas, fíxose seguimento a 546 empresas coas que xa se mantiña o contacto. Tras realizar estas xestións co empresariado galego, finalmente abríronse 602 ofertas de emprego.

#### **Exemplo boas prácticas**

**'INCLÚE+CAPACIDADE'** comprendía tamén o poder trasladarlle a outra organización as boas prácticas no desenvolvemento do programa, sendo neste caso a entidade seleccionada COCEMFE León. Ao transmitir esta boa experiencia, dende a entidade leonesa puxeron en marcha un proxecto piloto para aplicar na súa contorna. Unha das accións executarase na derradeira semana de marzo, consistindo nun almuerzo inclusivo entre profesionais de orientación e empresas da zona para potenciar a inserción sociolaboral das persoas con discapacidade.

## Detrás dos programas, hai persoas



Detrás dos programas hai persoas, proxectos de vida, ilusións, ansias e esperanza. Como mostra, presentamos as historias de Abel Queijo, Cristina Rodríguez, Antonio Silva e Antonio Pérez.

**Abel Queijo**, de 29 anos de idade, formouse con COGAMI nun curso de dependente de tenda que se impartiu en A Coruña. Tras rematar as clases teóricas, realizou as prácticas na tenda deportiva Nike que está situada en Coruña The Style Outlets. Abel estaba encantado coas súas prácticas, gustáballe o que facía, un estado que notaron no establecemento, xa que estas prácticas remataron cun contrato a nome de Abel. “A miña nai e a miña avoa choraron de emoción”, nos explicaba. “Para min está xenial que existan estes programas que axudan ás persoas con discapacidade coma min. Cando estás fóra dos colexios especiais, dáste conta de como é a vida”.



**Cristina García** apuntouse como demandante de emprego no servizo de Intermediación e Orientación Laboral de COGAMI de Ourense hai dous anos. Chegou con 25 anos, dous despois de que lle diagnosticaran a enfermidade de esclerose múltiple que lle ocasionou unha parálise no lado esquerdo do corpo. Non puido continuar coa profesión que tiña de esteticista, polo que tivo que volver reorientar a súa vida laboral. “Estaba moi perdida”, confesaba.

Cristina empezou a formarse con COGAMI. Ao finalizar un curso de informática, deixouse aconsellar polo seu orientador laboral, actualizando o seu currículo e presentándose nas ofertas de traballo que saían. A constancia derivou nun posto de teleoperadora no mes de decembro. “Ao principio estaba moi nerviosa”, comentaba Cristina, pero agora di sentirse cómoda e agarda que lle dure esta nova experiencia.



**Antonio Silva** forma parte de COGAMI hai cinco anos, tras ter certificada unha incapacidade laboral para a profesión de escaiolista na que traballou durante 26 anos. Este veciño de Caldas de Reis veuse nunha situación difícil: tiña 43 anos, novo para seguir traballando pero sentíase maior para ter que redefinir o seu proxecto de vida.

A orientadora laboral do SIL de Pontevedra asesorouno e informoulle a como encamiñar o seu futuro laboral. Antonio empezou a formarse, aprendeu a manexar o ordenador e as novas tecnoloxías. A partir de aí atopou traballos como controlador de accesos e neste ámbito segue. “Ao principio pensaba que non era capaz”, di Antonio, “todo o meu mundo era a construción. Examineime das competencias claves e de aí todo foi para adiante. De dicir, e agora que fago? pasei a querer a aprender, a formarme e a avanzar”.



**Antonio Pérez**, chegou a COGAMI desmotivado porque con 43 anos, despois de traballar como mecánico durante dez, concédennlle a incapacidade laboral tras ter un infarto, polo que non vai poder traballar no que sabía. Este veciño de Narón, despois de ser asesorado polas orientadoras laborais do SIL de Ferrol, empezou a formarse.

Traballou como acompañante en vehículos de transporte adaptado,

formouse e sacou o carné de conducir de autobús. Agora Antonio está realizando un curso sobre atención a persoas, unha profesión que redescubriu aos seus 51 anos. Antonio dixo que lle gusta traballar mantendo contacto directo coa xente, di atoparse moi cómodo. “É moi importante que che dean ánimos para seguir”, apuntaba Antonio, “este tipo de programas son unha oportunidade, podes formarte, reciclarte e volver traballar”.



Hornos Lamastelle no espazo que tiña habilitado en Intersicop

**Cualicar**  
seminuevos

Imaxe de marca de Cualicar

## Hornos Lamastelle participa nun salón de alimentación no Ifema en Madrid

Dende os fornos de Oleiros a Intersicop, o Salón Internacional de Panadería, Pastelería, Xeladería e Café. Hornos Lamastelle foi unha das 81 empresas alimentarias e 212 expositores que presentou en Madrid, na última fin de semana de febreiro, os produtos estrela que produce: a empanada tradicional galega, a tarta de Santiago IGP e os biscoitos.

Estar presente en Intersicop supuxo para Hornos Lamastelle

unha oportunidade para presentar os seus produtos tanto ao público nacional como tamén ante asistentes que proceden de Alemaña, Bélxica, China, Francia, Italia, Marrocos, Portugal e Turquía.

Este salón permitiu tamén estar preto dos clientes, poder contactar directamente con eles e darse a coñecer ante clientes potenciais e captar novos dentro do sector alimentario.

## Buscas vehículo seminovo e en bo estado? Contacta con Cualicar

Se téis a necesidade de mercar un vehículo pero non queres apostar por un novo para evitar máis gastos na inversión, é importante que quedes con este nome: Cualicar. Pense, que é Cualicar? Pois unha actividade nova que inicia COGAMI Empresarial e que se dedica á comercialización de vehículos seminovos ou de quilómetro cero.

A través de Cualicar é posible conseguir un vehículo en perfecto estado, tanto turismo como familiar ou furgoneta para traballar, que aínda que xa foi estreado, está practicamente novo ao non superar os tres anos de vida nin os 50.000 quilómetros de rodaxe. Outras características a ter en conta é que contará con todas as revisións de control superadas, terá todas as garantías en vigor e valoradas por especialistas e tamén, presentará un certificado de que todos os vehículos que se adquiran a través de Cualicar, non sufriron avarías ou sinistros.

Na páxina web [www.cualicar.gal](http://www.cualicar.gal) poderanse ver todos os modelos de vehículos que ten expostos á venda Cualicar pero, no caso de que non apareza unha marca en especial que estés a buscar, podes contactar co axente comercial no teléfono 673058147. Neste contacto directo entre comercial e cliente, recibirás asesoramento individualizado ao permitir a posibilidade de falar sobre as preferencias e sobre o modelo e características de vehículo requiridas. Se tedes pensado comprar coche, quedade con esta marca, Cualicar, unha iniciativa que ademais de ser empresarial, tamén é social porque ofrece oportunidades laborais ás persoas con discapacidade.



Operario de Dixardín bota residuos orgánicos nos colectores de compost

## Dixardín recolle restos orgánicos de comedores escolares de Ames para facer compost

Hai case dous meses que o centro especial de emprego Dixardín é o encargado de recoller os restos orgánicos xerados nas cociñas dos comedores dos colexios C.E.I.P do Agro do Muíño e E.E.I Milladoiro do concello de Ames e trasladalos ao viveiro municipal.

A finalidade deste proceso é para facer compost con estes refugallos orgánicos, unha maneira de coidar o medio ambiente e, ao mesmo tempo, de tratar de facer abono orgánico para ser empregado nas zonas verdes do concello amiense. O viveiro conta con 6 recipientes

de compost con 800 litros de capacidade que se irán enchendo os luns, mércores e venres, coincidindo estas datas cos días de recollida dos restos orgánicos das cociñas e tamén coa recollida dos restos vexetais procedentes da poda, tras ser triturados antes de depositalos nos colectores para o seu tratamento.

En catro días, a rede de comedores escolares municipais, que a diario dispensa 1.300 menús, xerou 260 quilos de restos alimentarios en só catro días.



Persoal laboral do centro especial de emprego Artegalia

## Apoio á economía social para xerar 3.000 empregos novos dentro do sector e a apertura de 300 iniciativas novas

A Xunta anunciou a posta en marcha da que denominan a Estratexia Galega de Economía Social, unha iniciativa que se estenderá ata o ano 2021 e coa que se pretende incrementar nun 10% as entidades de economía social e aumentar nun 20% os empregos neste eido. Segundo anunciaba o presidente galego, Alberto Núñez Feijóo, a Xunta vai investir 73 millóns de euros para impulsar medidas que terán como obxectivo a xeración de 3.000 empregos e crear 300 novas entidades, principalmente, cooperativas, sociedades laborais, centros especiais de emprego e empresas de inserción laboral. Esta iniciativa, “consensuada co sector

da economía social”, segundo indicou Feijóo en rolda de prensa, pretende crear novas oportunidades de negocio en empresas que están “enfocadas ás persoas e que contan cunha maior cohesión territorial e social”. Polo tanto, esta estratexia está dirixida a 3.000 entidades que xeran preto de 14.500 empregos e que contan cun volume de negocio próximo aos 3.000 millóns de euros. Dende a Xunta pretenden que o obxectivo final da nova Estratexia Galega de Economía Social sexa incrementar nun 10% as entidades de economía social, chegando ás 3.300; aumentar nun 20% os empregos, ata os preto de 17.500;

potenciar a presenza feminina nestas entidades, acadando o 50% de mulleres promotoras nas novas cooperativas e sociedades laborais e reducir á metade o tempo de constitución destas entidades, favorecendo o procedemento electrónico e mellorando a organización dos rexistros. Dende COGAMI esta nova acolleuse con satisfacción porque, en palabras do presidente, Anxo Queiruga “se se apoia a economía social, apóiase que as persoas con discapacidade teñamos oportunidades laborais e, polo tanto, poidamos ter un proxecto de vida como calquera outra persoa da nosa contorna”.



Unha das formacións levadas a cabo para persoal da Deputación Provincial e de concellos

## Cunha auditoría rematará o proxecto Di Coruña Accesible que desenvolveu Combina Social na Deputación de A Coruña

Chega ao seu fin en abril *Di Coruña Accesible*, un programa de fomento da accesibilidade na Deputación de A Coruña, despois de estar en activo dende hai catorce meses e tras formar a máis de 80 profesionais procedentes tanto de concellos como da propia institución provincial.

Este programa, entre outras persoas profesionais, foi levado a cabo por Belén Vaz, Diego Piñeiro e Jano Rodríguez, especialistas en accesibilidade e membros do equipo de traballo de Combina Social, centro especial de emprego adxudicatario do proxecto, que

forma parte de COGAMI.

Tralo remate, redactarase unha auditoría completa xunto cunha guía de recomendacións para a incorporación da accesibilidade na Deputación, onde será a propia institución quen priorizará as medidas necesarias para a mellora da accesibilidade.

A finalidade do proxecto *Di Coruña Accesible* é que todas as áreas e actuacións que se desenvolvan teñan en conta a accesibilidade como unha variable transversal. Dende o mes de febreiro de 2018 leva executándose este plan de fomento da accesibilidade

na Deputación Provincial, realizando auditorías a todos os edificios e equipamentos e impartindo sesións de sensibilización e participación para o persoal laboral. No mes de novembro iniciou a fase formativa sobre edificación, deseño universal, comunicación accesible ou o marketing inclusivo.

Neste enderezo [dicorunaaccesible.gal](http://dicorunaaccesible.gal) pode accederse a toda a información e documentación xerada trala execución do proxecto *Di Coruña Accesible*.

## M<sup>a</sup> Carmen Hermida Presidenta de MISELA

### “Na miña propia experiencia, contar cos servizos que ofrece a asociación significa contar cun tempo de respiro”

O pasado mes de xaneiro, Misela estivo de aniversario, 25 anos que conmemorou cun acto no que reuniu a máis de 250 persoas no coliseo Noela de Noia.



**COGAMI. Xa son 25 anos de traxectoria de Misela, como a definirías, como un camiño doado?**  
C.H. Foi un camiño longo e con momentos difíciles, especialmente cando tivemos que realizar dous ERE na Asociación por falta de recursos económicos. Penso que o que mellor definiría este tempo é a palabra ilusión, xa que nacemos co desexo de facilitar o acceso das nosas fillas e fillos a servizos especializados que permiten un apoio ao seu desenvolvemento e benestar, e vimos como pouco a pouco fomos acadando entre todos os obxectivos que nos iamos propoñendo, facendo fronte e superando retos que nos axudaron a crecer e facernos máis fortes.  
**Despois de 25 anos, tras botar unha ollada atrás, que é o que ve**

**Mª Carmen Hermida?**  
Todas as dificultades e o esforzo grande que tivemos que realizar para chegar ata onde estamos. Tamén lembro a todas as persoas que nos acompañaron durante estes 25 anos, membros da xunta directiva, profesionais, familias e persoas usuarias. Moitas aínda nos seguen acompañando e agradezo enormemente o apoio e implicación de todas e cada unha delas.  
**Tedes conta de cantas persoas pasaron nestes 25 anos por Misela? Que sería delas sen os servizos que presta a asociación?**  
Contamos con 235 persoas atendidas durante estes anos, entre nenas, nenos e persoas adultas usuarias dos servizos. No caso de atención temperá e discapacidade infantil, as

consecuencias de non contar cos servizos que presta a asociación, suporía ter que asistir a servizos privados de atención, en moitos casos durante un longo período de tempo, co correspondente desembolso asociado, sendo un custe dificilmente asumible para moitas das familias.  
Por outro lado, tamén terían que realizar longos desprazamentos, xa que non existen recursos similares na zona.  
**Que papel xoga Misela nas familias que tendes un membro con discapacidade?**  
Dende a miña propia experiencia, contar cos servizos que presta a asociación significou contar cun tempo de respiro, no que o meu fillo se encontra no centro, dispón dunha atención adaptada ás



súas necesidades e participa en actividades grupais tanto no centro como na comunidade.

Caso distinto é o das familias que acoden ao Equipo de Desenvolvemento Infantil e Atención Temperá (EDIAT), xa que sempre que se presenta algunha dificultade, adoitan aparecer inquedanzas e medos, e dende o servizo procúrase prestar o apoio e orientación que a familia necesita.

**Misela, a diferenza doutras entidades que forman parte de COGAMI, traballa con menores en atención temperá. A que veñen?**

Atendemos a menores de 0 a 6 anos con trastornos no seu desenvolvemento ou risco de padecelos, e de 6 a 16 anos con discapacidade recoñecida.

Contamos con atención individualizada de fisioterapia, terapia ocupacional, psicoloxía e, iniciamos este ano, logopedia.

Tamén se realiza un programa de Transición á Vida Adulta destinado a adolescentes entre 14 e 16 anos, dirixido a enfocar a transición dende o noso servizo a outros recursos públicos ou privados, apoiando e preparando ao usuario e familia para o proceso de saída.

En canto á atención ás familias, inclúe tanto terapia familiar coa psicóloga, asesoramento e orientacións, formación ou lecer.

**Arestora, cantas persoas usuarias acoden aos vosos servizos?**

No EDIAT contamos actualmente con 43 persoas atendidas. Ao centro ocupacional asisten 10 persoas e ao centro de día 7.

Tamén contamos cun programa de Autonomía Persoal, ao que asisten 3 persoas adultas con discapacidade a intervención de fisioterapia, terapia ocupacional ou educación especial.

**É máis complexo vivir con discapacidade no rural que nunha cidade?**

A dificultade máis grande que atopamos no rural é o acceso a servizos debido á dispersión xeográfica existente. O transporte público en moitos casos é inexistente e cando o hai, está moi lonxe de ser un transporte adaptado, polo tanto, contar con recursos específicos que oferten servizo de transporte é fundamental.

Por outro lado, a variedade de recursos e actividades tamén é limitada, non existen tantas opcións e oportunidades accesibles como nunha cidade.

**Que esperades para o futuro de Misela? Tedes novos proxectos ou credes que con ir tirando xa é bo sinal?**

Sempre traballamos coa ilusión de seguir crescendo e mellorando, por iso continuamos empregando os nosos esforzos en manter e mellorar

o acadado ata o de agora, como por exemplo, co incremento do equipo de profesionais, melloras nas instalacións, nos procesos, etc. Tamén estamos implicados na creación de novos proxectos como é o caso dun invernadoiro, onde se desenvolverán actividades ocupacionais de horticultura e viveirismo.

**Misela é unha entidade que está moi implicada coa contorna, participades en actos dos concellos, doutras entidades, festas,... é necesaria esta visibilidade como elemento integrador e normalizador?**

Por suposto, a participación activa das persoas con discapacidade na contorna faise necesaria para favorecer a inclusión en igualdade de condicións, facilitando o goce, implicación e acceso a todas as actividades que consideren gratificantes. Esta participación faise fundamental para crear na sociedade actitudes e cambios que faciliten e garantan a accesibilidade e o deseño para todas as persoas. Por outra banda, o traballo en rede tanto con outras entidades como coas administracións públicas, favorece o alcance de obxectivos que xeran cambios significativos, globais e máis amplos, que actuando de xeito individual.



M<sup>a</sup> Carmen Hermida e Pepe Barrio co equipo de profesionais da entidade tralo acto de aniversario da entidade



Persoas usuarias do centro de Fingoi participan nun obradoiro de cociña



Xuntanza do equipo da área de FMA

## Preto de 200 persoas se benefician da atención que ofrecen os centros de recursos de COGAMI

Un centro de recursos é un espazo no que se prestan apoios para cubrir as necesidades das persoas con discapacidade e familias. Un equipo de profesionais cualificados encárgase de valorar cales son as necesidades individuais de cada unha das persoas que entran no centro e, tras a realización dunha análise que será consensuada coa propia persoa e a familia, deseñárase un plan de atención axustado.

Actualmente COGAMI conta con 4 centros de recursos, sumando 17 no conxunto do movemento asociativo. Estes catro centros están en Medelo (no concello de Silleda), en Mos, en Fingoi (na cidade de Lugo), e en Monteporreiro (en Pontevedra), sendo todos eles de ámbito comarcal. Os catro contan con 191 prazas públicas concertadas, financiadas pola Xunta, das que 144 son de centro de día e 42 de centro ocupacional.

Os centros de recursos ofrecen servizos enfocados á mellora da calidade de vida da persoa con discapacidade, por iso os programas contemplan rehabilitación, educación básica, obradoiros artesanais e actividades de lecer.

### Servizos que ofrecen

Cando unha persoa con discapacidade e familia se interesa pola atención que se presta nun centro de recursos, o primeiro que lle vai ofrecer o centro é atención personalizada, na que se aportará información, asesorarase sobre as dúbidas que se presenten e traballarase coas familias.

Os programas rehabilitadores e terapéuticos son unha das apostas fortes para lograr o benestar das persoas usuarias. Polo tanto, dende os centros ofrécese un servizo de

fisioterapia, ximnasia preventiva e rehabilitadora, ademais do servizo de logopedia, terapia ocupacional, apoio psicolóxico e terapias alternativas. Para moitas das persoas usuarias resulta necesario repasar lectura, escritura e cálculo, podendo ser que non teñan o graduado en ESO. Dende os centros de recursos existe a oportunidade de preparalas para presentarse ao exame e tamén de traballar as habilidades sociais e comunicativas.

Seguindo coa formación, todos os centros realizan obradoiros artesanais nos que predominan: cestería, encadernación, coiro, pintura, informática e novas tecnoloxías, danza e teatro. Todos estes obradoiros permiten que, ademais de formarse, se traballen destrezas como a mellora na mobilidade das mans e a coordinación, ademais de reforzar a autoestima porque a persoa logra facer traballos manuais e facelos ben, obtendo o recoñecemento dos demais e fomentando, polo tanto, a superación persoal.

As actividades máis integradoras son as relacionadas co lecer, coa participación e a interacción con outras persoas, características socializadoras para vivir en comunidade. Isto tense moi presente nos centros, polo que que programan actividades deportivas e culturais que contan con moita aceptación.

Finalmente, outros dous servizos importantes que se ofrecen nos centros de recursos son o transporte adaptado, necesario pola dispersión xeográfica das persoas en relación ao centro, e o servizo de comedor, que permite evitar desprazamentos innecesarios.

## As entidades demandaron a COGAMI máis de 400 solicitudes de apoio na xestión

A área de Fortalecemento do Movemento Asociativo (FMA) encárgase de coordinar os recursos e as accións das entidades asociadas a COGAMI, co fin de aproveitar sinerxías e evitar gastos na medida do posible.

Un dos servizos máis demandados polo conxunto das 54 entidades membro de COGAMI á área de FMA son as solicitudes de apoio para poder desenvolverse. Durante o ano 2018, foron 405 peticións as que se solicitaron a través de 59 entidades tanto de COGAMI como externas. Finalmente, resolvéronse 387 consultas, dándolle resposta ás que quedan por atender ao longo deste ano.

O tipo de apoios que solicitan dende o movemento asociativo á área de FMA están relacionados coa cumprimentación de documentación, solicitude de apoios de voceiras e voceiros da xunta directiva para interceder ante a Administración, petición de información sobre trámites de constitución, xestión económica e laboral, apoios informáticos, préstamo de recursos materiais, información e orientación na organización de eventos, reserva de espazos, préstamos económicos, difusión de actos, xestión de prazas públicas en centros, permisos administrativos, asesoramento de entrada no movemento asociativo e solicitudes de apoio técnico na tramitación de subvencións. Dentro desta clasificación de apoios, o máis solicitado foi a solicitude de subvencións para as entidades, onde pedían consello e asesoramento de como facer esas presentacións. Ademais de ser o máis repetido, solicitándose ata en 94 ocasións, é un dos apoios máis complexo en solucionar porque pode prolongarse durante todo o ano, dende que inicia ata que se xustifica e presenta a documentación.



A mostra Reflexos de Vida pode verse na entrada principal do CHUS de Santiago



Foto cedida por fotógrafo da Xunta

O Conselleiro de Industria, a Pres.de Ámbar, o Dir. área negocio 'la Caixa' e o Pres. de COGAMI

## 'Reflexos de Vida', unha mostra para sensibilizar sobre a doazón de medula ósea

A Asociación Gallega de Transplantados de Médula Ósea (Asotrame) inaugurou no Hospital Clínico de Santiago unha exposición fotográfica para difundir e sensibilizar sobre a doazón de medula ósea. Denominada *Reflexos de Vida*, a mostra recolle fotografías e texto de persoas e profesionais vinculadas nun proceso de transplante: unha hematóloga, unha enfermeira, unha doadora e unha receptora. Exposta na entrada principal do hospital, durante a inauguración participaron a xerente da área

compostelá, Eloína Núñez, o xefe do Servizo de Hematoloxía, José Luís Bello, e a presidenta de ASOTRAME, Cristina Piñeiro. Reflexos de Vida, en palabras da Presidenta de ASOTRAME "busca que brote unha conciencia sobre a importancia da doazón de medula ósea". Arestora hai en España preto de 400.000 doantes de medula, sendo mulleres o 70% de doantes.



Momento no que practican o fútbol humano con persoas asistentes á mostra

## Fingoi practica boccia e fútbol humano na II Mostra Internacional do Mundo do Lecer

O centro de recursos de Fingoi estivo como convidado na II Mostra Internacional do Mundo do Lecer, celebrada no recinto ExpoCoruña. Na feira presentáronse empresas que deron a coñecer as últimas novidades do sector do lecer e tamén COGAMI quixo ter presenza para visibilizar o deporte paralímpico boccia e para participar nunha partida de fútbol humano. De seguro que Marta Díaz, Arturo Fojón, David González, Julio González, M<sup>a</sup> Teresa Guerra, M<sup>a</sup>

Carmen Parapar, José Luis Rodríguez, Alejandro Rodríguez, José Luis Vázquez e Sara Zoubia, asistentes da feira, non esquecerán a experiencia. Ademais de poder facer participes ás demais persoas das actividades de boccia e fútbol, tamén puideron participar en actividades que amosaban outras e outros participantes, como a demostración de cans adestrados polo exército ou xogos de realidade virtual.

## Ámbar presenta programa pioneiro de inserción laboral: iWork

A Asociación Ámbar da comarca da Barbanza pon en marcha iWork, un proxecto para a promoción do emprego das persoas con discapacidade na comarca da Barbanza e a mellora da percepción social. Este proxecto é pioneiro a nivel estatal porque, por vez primeira, trabállase a inclusión das persoas dende unha perspectiva integral no ámbito dos recursos humanos. Este proxecto presentouse no mes de decembro e, dende entón, segundo indican dende Ámbar, xa foron máis de medio cento as empresas que lles trasladan á entidade preguntas e dúbidas sobre a contratación de persoal con discapacidade. Este interese suscitado por iWork xa se notou durante a xornada de presentación, onde a moitas persoas presentes cambioulles a percepción que tiñan sobre a discapacidade e decatáronse da importancia de ter nas súas empresas un cadro de persoal inclusivo. Cofinanciado pola Consellería de Economía, Emprego e Industria, a Obra Social "la Caixa" e o Premio a Proxectos Innovadores Fundación Repsol, as empresas que participen no proxecto durante este ano, beneficiaranse de asesoramento en materia de contratación de persoas con discapacidade, procesos de selección e cultura laboral inclusivos, ademais de traballar a adaptación de postos e emprego con apoio en casos específicos. Dende Ámbar pretenden que, a través deste programa, as empresas non fagan distinción á hora de contratar se a persoa ten ou non discapacidade, senón que a empresa se decante pola selección a través do perfil profesional da persoa traballadora.

# O X Solidario beneficia a 1.600 persoas usuarias de COGAMI e entidades



Persoas usuarias de A Mariña COGAMI asisten a unha clase de informática

Carmen, Manuel, Alfredo, María, Antonio... así poderíamos seguir contando ata chegar ás 1.660 persoas usuarias de COGAMI e entidades membro que este ano participaron en programas que lles axudaron a mellorar a súa calidade de vida.

Todos estes programas realizáronse mediante o investimento de 400.635,60€ procedentes do recadro X Solidario con cargo á asignación tributaria do 0,7% do IRPF, que por segundo ano, é a Xunta de Galicia a que se ocupa da distribución destes orzamentos para fins sociais.

Estes máis de 400.600 euros foron repartidos entre COGAMI e 12 entidades: A Mariña COGAMI,

AGL, Alcer Coruña, as Federacións provinciais de COGAMI en Pontevedra e Ourense, Asociación Galega de Fibrose Quística, ACCU, ACEM Santiago e Coruña, AODEM, Misela e Ámbar. Todas estas entidades son beneficiarias destes fondos que proceden da solidariedade das persoas que, cando fan a declaración da renda, marcan o recadro de Actividades de Interese Social.

### Programas desenvolvidos

COGAMI desenvolveu un programa de intervención social con acompañamento, dirixido a persoas en situación de especial vulnerabilidade. Dende A Mariña COGAMI realizaron actividades de desenvolvemento integral a través

de formación básica, coñecementos informáticos, de Internet ademais de capacitar e recuperar o mantemento físico-funcional. A Asociación Galega de Linfedema realizou 1.200 tratamentos de masaxe e drenaxe linfático no seu servizo de fisioterapia especializado. Alcer Coruña puido informar e orientar a persoas afectadas por enfermidades do ril. A Asociación Galega de Fibrose Quística prestou sesións de fisioterapia respiratoria a 67 persoas que conviven con esta doenza. Dende a Federación COGAMI Pontevedra realizaron na provincia actividades preventivas, rehabilitadoras e de atención psico-social con obradoiros de alimentación saudable, actividades deportivas e rehabilitadoras físicas e da linguaxe. Na provincia de Ourense, A Federación Discafis COGAMI desenvolveu un programa dirixido a minorar os avances dos efectos da discapacidade e promover a autonomía persoal das persoas con enfermidades crónicas. A asociación ACCU puxo en marcha un programa de atención integral, promoción da autonomía persoal e inclusión social para persoas con enfermidades intestinais. As asociacións de Esclerose Múltiple de Santiago, A Coruña e Ourense favoreceron a 52 persoas cos seus programas de atención psicolóxica, social e fisioterapia, respectivamente, mentres que Misela puido levar a cabo en Noia o programa de atención temperá e discapacidade infantil en menores de 0 a 16 anos. A asociación Ámbar finalizou as obras do centro comarcal de recursos que ten en Ribeira e os centros de recursos de Monteporreiro e Mos mercaron dous vehículos de transporte adaptado que posibilitaron a mellora do servizo e a apertura de novas rutas. Todos estes programas financiáronse co 0,7% do IRPF.

[www.cogami.gal](http://www.cogami.gal)



Visite nuestras oficinas en:

**A Coruña**  
Rey Abdullah nº 9  
Tel.: 981 140 250  
E-mail: [eop.galicia@eoprim.es](mailto:eop.galicia@eoprim.es)

**Santiago de Compostela**  
Fernando III El Santo 31-33  
Tel.: 981 591 192  
E-mail: [eop.santiago@eoprim.es](mailto:eop.santiago@eoprim.es)

**Ourense**  
Cruceiro Quebrado 10  
Tel.: 988 391 285  
E-mail: [eop.ourense@eoprim.es](mailto:eop.ourense@eoprim.es)

**Vigo**  
Zamora 94  
Tel.: 986 413 333  
E-mail: [eop.vigo@eoprim.es](mailto:eop.vigo@eoprim.es)



**XUNTA DE GALICIA**  
**CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL**